

Os responsables de Edicións Xerais marcaron o pasado sábado un mesmo prefixo telefónico para avisar ós gañadores dos premios Xerais e Merlín: o 982. Dous lucenses, Xosé Miranda e Antonio Reigosa, recibiron a través do cableado a grata nova, cando xa case non tiñan esperanzas de que o teléfono soara.

Dúas plumas con moito en común

Miranda e Reigosa, gañadores do Xerais e do Merlín, comparten varios proxectos literarios

REDACCIÓN. PILAR GARCÍA CHEDA

Xosé Miranda, gañador do premio Xerais de novela, di que “estaba entre os finalistas e pensaba que tiña posibilidades de resultar elixido, pero eran as sete da tarde e aínda non me chamaran. Foi entón cando me convencín de que non gañara, pero, ó fin, o teléfono soou”.

Algo similar afirma Antonio Reigosa, distinguido co premio Merlín de literatura infantil, quen comenta que “cando te presentas a un premio contas con gañalo, pero os sensatos pensamos que ó final non nos vai tocar”.

De calquera xeito, ámbolos dous premios, dotados con dous e un millóns de pesetas respectivamente, recaeron en lucenses, a consecuencia do que eles califican como “unha coincidencia”.


□ **AVENTURAS.** *Lourenzo Tassende* foi a obra distinguida co Xerais. Xosé Miranda definea como unha novela de aventuras ambientada no século XIX. Os

seus protagonistas, unha moza de boa posición e o fillo dun bandoleiro, foxen de Pontevedra e chegan andando a Lugo. “É unha historia de bandoleiros, tiros e sangue”, comenta.

Miranda apunta que quixo facer “algo diferente e presenteime ó premio coa intención de adquirir a proxección que me estaba faltando. Os meus libros chegan a uns lectores minoritarios e confío en que esta novela me sirva para chamar a atención e acceder a un público máis amplo que se interese por coñecer outros escritos meus”.

O gañador do Xerais afirma, ademais, que “aproveitei un filón sen explotar, a existencia de bandoleiros reais en Galicia”.

Esta mesma estratexia foi a seguida por Antonio Reigosa na elaboración da súa obra, *Afonso Alfonso. Memorias dun raposo*. O autor, natural de Zozán (Mondoñedo), comenta que botou man dos contos de tradición oral, ós que considera “material descoñecido, despreciado e de vetado acceso á chamada literatura sen adxectivos”.



ÁLVEZ

Antonio Reigosa e Xosé Miranda celebraron xuntos os premios

Facendo uso desta fonte documental, Reigosa escribiu un relato integrado por diversas historias cun protagonista común, un raposo vello que transmite as experiencias de vida que foi adquirindo ó relacionarse coas distintas especies e co home, considerado coma un animal máis.

Tamén este autor ten a esperanza de que o premio lle axude a divulgar a súa obra en xeral. “Quen di que os premios non serven para nada minte, pero a

hipocresía chega a tódolos campos. Se te presentas é coa esperanza de gañalo e, aínda que non te acordes dos cartos, si te lembrás do prestixio”.

Pero, as casualidades non quedan nunha simple coincidencia provincial. Miranda e Reigosa teñen en común varios proxectos literarios, entre os que destacan un diccionario de seres mitolóxicos que esperan publicar en breve e unha ampla recopilación de historias da literatura oral.